

Basilio Losada, esa voz

Anxo Tarrío Varela

Ata onde podo eu alcanzar, hai tan só tres Basilio merecentes de pasaren á Historia de Galicia. Un deles foi sonado gaiteiro e artesán de gaitas, arzuano de nación e compostelán de adopción: Basilio Carril, que algo tiña que ver coa lingua, pois de palletas e aire ía a súa arte. Curiosamente, e aínda que agora me vaia fixar tan só nun deles, os outros dous foron (ou son, como imos ver) donos de potente verbo, que tamén necesita de control de lingua e aire pulmonar. De facundia clara e agresiva, un: o agrarista Basilio Álvarez, cura de Beiro, todo dinamita anticaciquil e antiforal perdido xa no manteo do tempo hai moitos anos. De amábel, grave e imaxinativa voz o outro: Basilio Losada, felizmente vivo aínda entre nós e a quen, con motivo da xubilación universitaria, se lle acaba de adicar unha homenaxe en Barcelona, o seu outro berce, despois da Póboa de San Xulián. As distancias, espacial e xeracional, que me separaron sempre deste noso terceiro Basilio, con non seren grandes (a última tan só un dízito mínimo, se contamos polos cómputos de Ortega y Gasset) non me permiten frecuentar moito a amizade con el, pero si o suficiente como para poder asistir ás historias que adoita regalar nas tertulias de mesa e sobremesa, administrando así sabiamente esta pequena parcela de tempo cósmico que debemos consumir os humanos.

Porque Basilio Losada ten a gala manter a tradición secular de contar historias de viva voz, *a pelo*, para dicilo coloquialmente, sen necesidade de escribilas, aínda que ben podería el pasalas ao papel, dotado como está para a escritura, segundo ten demostrado, non só nas numerosas incursións que fixo no eido da crítica literaria, senón tamén no difícil labor de tradución que cultivou con tanta profesionalidade e fortuna expresiva.

E, agora que a literatura impresa está a pasar por un proceso de saturación mercantil que non sabemos se acabará con ela, coido oportuno dar eco á insistencia que Basilio Losada practicou de sempre sobre a necesidade de manter os valores e o encanto da palabra oral (valla a redundancia), esa manifestación humana, libre en liberdade e gratuita que, cando se fai con arte, te engaiola e te suspende no tempo mentres dura, pero que só un moi limitado número de persoas saben levar a bo termo. Porque, se ben o pensamos, escribir, á parte de esixir algo de imaxinación, é cuestión dun pouco de disciplina, dedicación, atención e paciencia, sobre todo dende que os ordenadores nos permiten borrar sobre a pantalla (sen que quede rastro ningún delas) as parvadas que tecleamos máis a miúdo do que poidan sospeitar os nosos lectores e lectoras.

Entreter coa palabra a un auditorio, que pode ser amigo de tertulia pero que en moitos casos é incógnito, é algo abondo máis difícil. Aí non hai posibilidade de borrar nin de rectificar nada. O ritmo, a cadencia, a dificultade de non caer en tropezos e dúbidas no dicir, o enfiamento calculado dos motivos que traman a narración da anécdota ou da historia, e outras moitas compoñentes inherentes ao feito de contar con naturalidade, fan do relato oral unha verdadeira obra de arte, unha xoia irrepetíbel nada doada de elaborar, xa que, cada vez que se fabrica, aínda sendo sempre a mesma, é diferente da anterior. Enigmas do verbo grande.

Pois iso é Basilio, o noso Basilio, vivo contador de historias, ás veces disparatadas, das que a un non lle importa (nin falta que fai) saber se son verdadeiras ou inventadas, porque sería como lle preguntar á vida o porqué do acontecer, tantas veces máis absurdo e brincadeiro, de todos os días. Si, ese é Basilio, o noso terceiro Basilio no tempo, que non no aprezo, un personaxe da novela que algún día quizais alguén escriba.

Cóntase unha anécdota ocorrida nas Cortes republicáns dos anos trinta, segundo a que o citado Ortega y Gasset, oíndo falar ao galeguista Suárez Picallo, exclamou sorprendido polo potente verbo do noso deputado: “¿Quien es ese hombre pegado a esa voz?” Tal cual Basilio Losada. Esa voz.